



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

**ACTA DE APERTURA DAS OFERTAS PRESENTADAS NA LICITACIÓN DO
SERVIZO DE LIMPEZA DE INSTALACIÓNS EDUCATIVAS - Importe licitación:
32.462,46 euros**

Ás 13.23 horas do día 14 de febreiro de 2018, reúnen os membros da mesa de contratación que a continuación se indican:

ASISTENTES:

Presidenta: Ana M^a Seijo Mosquera

Vogais: Jesús José Santasmarinas Devesa
Alejandro Bermúdez Devesa
Ana Isabel Alonso Taboada
M^a Carmen Soutullo Carolo
Elena Suárez Rodríguez – Secretaria Interventora do Concello

Secretaria da mesa de contratación: Adela Lamela Arteaga

Asisten á sesión un representante da empresa Limpiezas Germania e un representante da empresa Pulmar Deza, SL.

Comeza a xuntanza a secretaria da mesa lendo a listaxe de empresas que se presentaron a este concurso, que está exposto no perfil do contratista da páxina web, e que son as seguintes:

1. Limpiezas Germania, SL
2. Limpiezas Compostela, SL
3. Pulmar Deza, SL
4. Inespro (Ingeniería, Estudios y Proyectos Europeos, SL)
5. Mais porvir xestión social SLU
6. Eulen, SA

A documentación dos sobres A foi clasificada e está correcta polo que a continuación se abren os sobres B que conteñen as ofertas económicas.

Os importes que se reflicten son o resultado da suma da base de licitación e o IVE.

Empresa	Importe licitación con IVE
Limpiezas Germania, SL	26.620,00 euros
Limpiezas Compostela, SL	28.967,40 euros
Pulmar Deza, SL	28.883,91 euros
Inespro (Ingeniería, Estudios y Proyectos Europeos, SL)	31.218,00 euros
Mais porvir xestión social SLU	31.670,95 euros
Eulen, SA	32.428,00 euros

Ás 13.23 h. entra no salón de plenos o vogal don Alejandro Bermúdez Devesa.

No caso da oferta presentada pola empresa Inespro, hai unha discrepancia entre a cifra ofertada en letra e a cifra ofertada en número que figura na proposta. Por unha parte ofertan a cifra en letra de VINTECINCO MIL OCHOCIENTOS EUROS, pero a cifra en número que figura entre paréntese é de (28.800,00 €/anuais). Se ben a cifra que figura como IVE é a correcta se a aplicamos ó importe en letra.

A mesa non ten claro se desestimar ou aceptar a oferta. Feitas varias consultas atópase que no art. 7 da Lei 19/1985, de 16 de xullo, cambiaria e do cheque, se día que sempre que haxa discrepancia entre un importe escrito en letra ou en número, será válido o escrito en letra.

Polo tanto, acéptase a oferta presentada tendo en conta os importes que figuran en letra.

A continuación, tal e como figura nos pregos na cláusula 12, calcúlase a puntuación obtida por cada unha das empresas utilizando a fórmula que emprega a Deputación da Coruña nos seus procesos de contratación. A puntuación máxima que e adxudica é de 50 puntos.

O resultado é o seguinte:

Empresa	Oferta presentada	Puntuación
Limpiezas Germania, SL	26.620,00 euros	45.89
Limpiezas Compostela, SL	28.967,40 euros	29.79
Pulmar Deza, SL	28.883,91 euros	30.36
Inespro (Ingeniería, Estudios y Proyectos Europeos, SL)	31.218,00 euros	11.43
Mais porvir xestión social SLU	31.670,95 euros	7.27
Eulen, SA	32.428,00 euros	0.32

Segundo os datos, a empresa Limpiezas Germania, SL é a que máis puntuación obtivo, sen embargo, a oferta presentada é clasificada como temeraria ou con valores anormais ou desproporcionados.

Polo tanto, e antes de propoñer a adxudicación, débese solicitar á empresa que xustifique a súa proposta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, tal e como dita o art. 152.3 do TRLCSP. Remátase a sesión as 14.50 h.

Con data 15 de febreiro enviáse escrito solicitando a xustificación da oferta presentada á empresa Limpiezas Germania, SL, concedéndolle un prazo de 5 días.

O día 20 de febreiro a empresa entrega no rexistro municipal o escrito de xustificacións da baixa presentada.

Despois de examinar os datos e os argumentos expostos, pódese deducir que a empresa presenta unha oferta na que non se evidencian signos de desproporcionalidade e pola que o contrato se pode executar correctamente.


A continuación clasifícanse as ofertas presentadas para darlle traslado ó órgano de contratación:

Empresa	Oferta presentada	Puntuación
Limpiezas Germania, SL	26.620,00 euros	45.89
Pulmar Deza, SL	28.883,91 euros	30.36
Limpiezas Compostela, SL	28.967,40 euros	29.79
Inespro (Ingeniería, Estudios y Proyectos Europeos, SL)	31.218,00 euros	11.43
Mais porvir xestión social SLU	31.670,95 euros	7.27
Eulen, SA	32.428,00 euros	0.32


Polo tanto, a mesa ante os datos obtidos e xa comprobados, propón adxudicarlle o contrato de limpeza de centros educativos á empresa Limpiezas Germania,SL por un importe de 26.620,00 euros/anuais (IVE incluído)

Despois de ler esta acta asínanas os membros que asistiron, o que certifico.

A presidenta




O vogal 1



O vogal 2



A vogal 3



A vogal 4



A secretaria interventora



A secretaria da mesa

